



Obxecto:	Comunicación de novo xacemento arqueolóxico non avaliado no procedemento de avaliación de impacto ambiental
Proxecto:	Parque eólico Touriñán III-2
Concello:	Campo Lameiro (Pontevedra)
Promotora:	Greenalia Wind Power Touriñán SLU
Interesado:	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.
S/Ref.:	IN661A 2011/13-4
Expediente:	03.I.709 2022.001 (Servizo de Arqueoloxía)

ANTECEDENTES E FEITOS

O 22.11.2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante DXPC) emitira un informe favorable do Estudo de impacto ambiental do Parque eólico Touriñán III-2, e mais do Proxecto de interese autonómico e Proxecto de Execución nos termos municipais de Cuntis, A Estrada e Campo Lameiro (Pontevedra). Agosto 2021. Entre as condicións establecidas no devandito informe figuraban:

- No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos, avaliarase o impacto das obras sobre eles e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O 29.12.2022 Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático formulou a declaración de impacto ambiental do proxecto do Parque eólico Touriñán III-2, nos concellos de Campo Lameiro, Cuntis e A Estrada (Pontevedra), promovido por Greenalia Wind Power Touriñán, S.L.U, que se se publicou no DOG núm.9 do 13.01.2023, con ditame ambiental viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

O 22.04.2023 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais outorgou as autorizacións administrativas previa e de construción ao proxecto do parque eólico Touriñán III-2, emprazado nos concellos da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro (Pontevedra) e promovido por Greenalia Wind Power Touriñán, S.L.U. (expediente IN661A 2011/13-4).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm 126 do 04.07.2022)

Consideracións técnicas

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complejo Administrativo San Caetano
Edificio número 3; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 546 593 / 546 960
patrimonio.cultura@xunta.gal

Parque eólico Touriñán III 2
Novo xacemento arqueolóxico non avaliado no procedemento de avaliación de impacto ambiental
Concello de Campo Lameiro (Pontevedra)





- Salientar que o 22.11.2022 deuse de alta no sistema de Xestión de Recursos do Patrimonio Cultural de Galicia (Xerpa) o xacemento arqueolóxico Petróglifo de Fonte Fría co código GA36007387. Trátase dun petróglifo formado por un conxunto de, polo menos, catro combinacións distintas de círculos concéntricos de diámetros que van dende os 25 ata os 60 centímetros de diámetro. Atópanse sobre unha rocha suavemente alombada duns 4X2 metros que se atopa ao pé dun penedo que sobresaí na ladeira da corga. A rocha presenta dúas fisuras transversais que configuran coma tres paneis distintos. Na parte central está a combinación máis grande que presenta ademais dos concéntricos un reticulado no lado norte e unha especie de prolongación a modo de orella no sur. No sector norte da rocha, contra a fisura do panel, aparecen outras tres ou catro combinacións de círculos moi desgastadas e de difícil lectura que puideran ter outros motivos intercalados (semella que podería haber algunha marca de pegada de animal ou trazos pequenos indeterminados). Este xacemento está situado nas coordenadas UTM (ETRS89 29N) X=539678 e Y=4714332.
- Os motivos documentados poden considerarse pertencentes ao grupo da arte rupestre atlántica, e, a este respecto, cómpre recordar que en virtude do artigo 94.2 da LPCG, todas as covas, abrigos e lugares ao aire libre que conteñan manifestacións de arte rupestre teñen a consideración de bens de interese cultural (BIC), isto é, a máxima categoría de protección contemplada na lei, e, por tanto, están sometidos ao réxime xurídico de protección que para estes bens establece a lei.
- Este xacemento arqueolóxico non fora localizado durante a tramitación do estudo de impacto ambiental correspondente, nin figuraba dado de alta no sistema Xerpa deste departamento, e, por tanto, non fora avaliado no mesmo.
- O petróglifo está situado a uns 12 m ao sueste dun camiño que, segundo a documentación que consta no expediente do parque eólico Touriñán III-2 que fora informado, proxéctase acondicionar como viario de acceso ao aerogenerador AE-03 (Eixe-08) do devandito parque, a escasos metros do lugar onde se empraza o devandito ben, polo que existe risco de que se vexa afectado polas obras de construción do devandito parque eólico.

INFORME

Que se ten constancia da existencia dun novo xacemento arqueolóxico identificado como Petróglifo de Fonte Fría (cód. GA36007387), situado nas as coordenadas UTM (ETRS89 29N) X=539678 e Y=4714332, que non foi tido en conta no procedemento de avaliación de impacto ambiental do Parque eólico Touriñán III 2, e, que, por tanto, o impacto das obras sobre o mesmo debe ser avaliado de cara a establecer as medidas oportunas antes de que se inicien as obras, co obxecto de garantir a súa salvagarda, protección e conservación.

Por tanto, deberá de darse traslado desta información á empresa promotora das obras para que avalíe de maneira detallada o impacto das obras sobre este ben e estableza unha proposta de medidas protectoras, correctoras e compensatorias ao respecto, que deberán ser informados por este departamento.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

